

Unha bomba envolta en flores

Manuel O'Rivas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

O'RIVAS, MANUEL (2011 [1997]). "Unha bomba envolta en flores". *Luzes de Galiza*: 28, 2. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/566>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

O'RIVAS, MANUEL (1997). "Unha bomba envolta en flores". *Luzes de Galiza*: 28, 2.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Unha bomba envolta en flores

MANUEL O'RIVAS

Moitas veces é mellor non coñecer, non tratar, ao escritor. Como diría Víctor Anant, o escritor hindue que pasou por aquí e se foi como ave emigrante, «no relations public, amigo». A literatura, cando realmente existe, é o oposto ás relacións públicas. Pode vomitar sobre as alfombras. Sen prexucios. Pode estar feita desde a ternura pero non admite a cortesía. Pode ser *galega* pero estragariase se aspirase a ser *guía* de Galicia, se se preocupase pola *imaxe* de Galicia. Para iso está a Secretaría Xeral de Turismo. Cando o persoaxe autor está condicionado polas relacións públicas é mellor deixalo a un lado, empezando por un mesmo. Soe ser un repugnante, unha incómoda china no zapato da obra.

Ese perigo estaba conxurado con Lois. A súa presenza tiña o efecto dunha bomba silenciosa, envolta en flores, lanzada ao patio de butacas da ópera do mundo.

Hai xente que envilece o que toca, tamén as palabras. Enmerdaas, trabuca o sentido, esnaquízaas ou cóbreas cunha maquillaxe suxa de casino e hipocresía. Pero hai outra xente que nos fan mellores só con sentilos ao noso carón. Pasan por aí como un donaire e axitan como unha bris do Incio a póla dourada da humanidade. As suas pala-

bras son como un codecho de pan na boca dun picariño que ensaia os dentes. Como inxerto nun espiño. Como esa pinga de auga (¿terá nome?) que fica na árbore despois de chover. No grande angular da paisaxe, é esa pinga a que prende nos ollos como vagalume do día.

Moita xente sinte que os poemas de Lois teñen un efecto curativo. Pero non son fármacos con receita médica. Non son bacinas con dose calculada de veneno, porque tamén existe unha retórica do malditismo, unha pose do marxinal, como hai un *rosalianismo* de pseudotristura que fixo estragos na nosa literatura. Lois andou pola beira salvaxe da vida e tivo o valor de marcar a navalla ese camiño como quen se adentra nun bosque sombrío e ignoto e deixa un sinal nas cortizas coa secreta esperanza dun retorno. E volveu. Volveu para non marchar endexamais. Se os seus poemas enfeitizan e curan é porque están nos lindes da linguaxe. Son as primeiras e derradeiras palabras. Son as pingas que fican con brillo no brión das pólas despois de chover e chover. Prenden nos ollos e fannos ver como un colirio de néboa.

No relations public. Fóra bobadas, fóra vilezas. Aí vén O'Lois cunha bomba envolta en flores no corazón.

Se os seus
poemas
enfeitizan e
curan é porque
están nos
lindes da
linguaxe. Son
as primeiras e
derradeiras
palabras.
